



Páx 2-3

ANÁLISE:

Lei do aborto

Páx 4

PONTEVEDRA:

PXOM: PSOE-PP, a mesma cousa é

Páx 5

PONTEVEDRA:

Bruxelas e Madrid rouban o aforro galego

Páx 6

PONTEVEDRA:

Un Concello economicamente saneado

Páx 7

PONTEVEDRA:

As festas do verán: galegas, populares, dinamizadoras

Páx 8

PONTEVEDRA

Roteiros temáticos para descubrir o patrimonio

Páx 9

PONTEVEDRA

- Posta a punto dos Gafos
- Banco de libros
- Toponimia

Páx 10

PONTEVEDRA

- Pontevedrán
- Servizo de Mediación
- Centro Social Leste

Páx 11

POIO

Os orzamentos que loítan contra a crise

CONTRACAPA:

ACTOS POLÍTICOS

Manifestación Nacional

Domingo 16 de xullo ás 17 h.

Estación de trens de Compostela

**En defensa
dos dereitos
das mulleres**

Aborto libre e gratuíto





Mulleres

Libres para decidir

Ana Pontón, Deputada do BNG no Parlamento Galego

A defensa dos dereitos das mulleres, da igualdade real, é parte consubstancial do nacionalismo galego. Integra, desde a súa fundación, os principios que vertebran a actuación do BNG, en congruencia co pensamento socialmente avanzado que conforma o noso corpus ideolóxico. Conxugamos a defensa de dereitos individuais e colectivos como dúas caras da mesma moeda, conscientes de que sen dereitos colectivos, é imposible termos liberdade e igualdade como individuos.

Coherentemente, o BNG leva décadas reclamando avances legais e reais que conduciran á erradicación das discriminacións, directas e indirectas, que pesan sobre as mulleres. É amplo o catálogo de propostas e denuncias da precariedade laboral, da violencia de xénero, do sexismo no ensino ou da defensa

dos dereitos sexuais e reprodutivos, conscientes da relevancia que isto ten para a liberdade das mulleres.

Podemos orgullarnos de ser pioneiras, no ámbito institucional e social, na reclamación do dereito das mulleres a controlaren a súa sexualidade e seren libres para decidir se queren ser nais ou non.

Moito antes de que a Conferencia Internacional de Poboación e Desenvolvemento de O Cairo 1994 e o Cumio Mundial da Muller, Beijing 1995 recoñeceran formalmente os dereitos sexuais e reprodutivos como parte integrante dos dereitos humanos e instaran aos estados a estes seren protexidos e amparados, xa defendía estas posicións o nacionalismo galego.

Así, o BNG converteuse na primeira forza política do arco parlamentario galego, en defender o dereito das mulleres a decidir sobre a continuidade ou non dun embarazo. Concretamente o 2 de Maio de 1990, o BNG, a través da deputada Pilar García Negro, defendía unha proposición de lei que reclamaba o dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo.

Coa chegada do BNG ao Congreso, deuse traslado a esta demanda. Converteuse o BNG na primeira forza política do Estado en trasladar unha proposición de lei que avogaba por retirar o aborto do código penal e superar un marco claramente lesivo para os dereitos das mulleres, esta vez defendida por Guillermo Vázquez.

Tiveron que pasar dúas décadas para que o Estado Español decidira ir por esta senda coa aprobación dunha Lei de dereitos sexuais e reprodutivos, que entre outros aspectos, residencia nas mulleres a decisión durante as 14 primeiras semanas de embarazo. Unha norma que tiña carencias, mais que supoñía un cambio importante: o aborto deixaba de figurar no código penal, e a decisión correspondía única e exclusivamente ás mulleres nese prazo.

O tempo de vixencia desta norma dá conta da normalidade coa que se acolleu esta regulación. É lóxico. A lei non obriga a ninguén, simplemente dá liberdade ás mulleres para decidir sen presións o que elas quixeren.

Os defensores dunha norma restrictiva non defenden esta liberdade, pretenden impoñer os seus valores e principios, sen ter en conta o dereito das mulleres a controlar a súa sexualidade e a vida.

Porén, o PP decide roubarnos esta conquista democrática (mais unha!). Escoitando a Ga-

llardón, unha sente que estamos de novo no franquismo. As mulleres non temos dereito a decidir sobre o noso corpo e sexualidade; só aquelas con recursos económicos poderán acceder a interrupción voluntaria do embarazo (as que teñan cartos poderán ir a Portugal, Londres ou Franza a abortar); o resto: maternidade forzada ou aborto inseguro e ilegal, que convén lembrar, é unha das principais causa de morte das mulleres no mundo.

As declaracións dos anti-abortistas son insultantes, frívolas e inmorais. As mulleres non abortan por deporte, nin cometen un delito cando o fan.

Estes días, en moitos lugares de Galiza puidemos ver valados con publicidade anti-abortista. Neles equipárase aborto con asasinato. Alguén debía denuncialos por publicidade ilícita. Como ben sinala Jesús Mosterín *“O neno é un ancián en potencia, pero un neno non é un ancián, nin ten dereito á xubilación. O home vivo é un cadáver en potencia, mais un home vivo non é un cadáver. Enterrar un home vivo e algo moi distinto e de moi diversa gravidade que enterrar un cadáver (...)Un embrión non é un home, e polo tanto eliminar un embrión non é matar un home. O aborto non é un asasinato”*.

Sabemos ben que este é un debate que ten como transfondo o modelo de sociedade e a igualdade. Fica claro que hai amplos sectores na dereita e na xerarquía católica que negan a capacidade e os dereitos das mulleres. Poden decidir médicos, xuíces ou tribunais. Calquera menos aquelas a quen directamente afecta esta circunstancia.

En todo caso, existe unha ampla maioría social que defende o dereito das mulleres á decidir sobre o seu corpo. E teimaremos na defensa da liberdade das mulleres e o dereito a decidir sobre o seu propio corpo, pois nós avogamos por mulleres libres, nunha patria liberada!



PSOE, PP a mesma cousa é

Desde que o BNG acadou o goberno de Pontevedra impulsou un modelo de desenvolvemento urbanístico que figura entre os máis avanzados do mundo e que está a recoller un recoñecemento detrás de outro.

O modelo urbano que estamos a pór en marcha no Concello baséase na participación, na defensa dos máis febles, na sustentabilidade, na defensa do patrimonio e do medio ambiente, no calmado do tráfico, na igualdade de todos os cidadáns e cidadás, na absoluta e completa honradez na xestión, etc.

Hai outros elementos que dan a Pontevedra o carácter de cidade galega que é un modelo a nivel europeo e que todos coñecemos: o apoio ao comercio e á empresa local e a priorización dos desprazamentos peonís fronte á ocupación do espazo público polos vehículos privados.



De todo isto se derivan as características que definen a Pontevedra de hoxe: peonalización, ausencia de grandes centros comerciais, orgullo de sermos galegos e pontevedresas, loita contra ENCE, cidade

compacta ou o urbanismo máis calmado de toda Galiza. E tamén hai que destacar que este é o modelo do que nunca gostaron nen o PP nen, por suposto, o PSOE.

É importante que lembremos que xa no primeiro momento **uns e outros opuxéronse á peonalización** en todas as fronteiras: o PP presentou un recurso xudicial contra o bando de peonalización, e tanto o PP coma o PSOE convocaron manifestacións e votaron diferentes medidas no Pleno contra ela.

Tamén **comparten PSOE e PP a posición favorábel ás multinacionais** e chega para iso con lembrar os esforzos feitos desde o anterior mandato para que se instalen en Pontevedra, o mesmo no centro histórico que nalgún polígono nas beiras da cidade.

E xa non habería nen que lembrar a loita contra ENCE na que o PP sempre fixo todo o posíbel por manter a fábrica na nosa ría e o PSOE andou a bandazos até a súa posición actual.

Por todo isto non é de estrañar que no último pleno votasen conxuntamente unha moción do PP emendada polo PSOE para, supostamente, pular por un novo PXOM para Pontevedra coa que, no mellor dos casos, preténdese manipular a realidade.

Pontevedra ten hoxe un PXOM adaptado á legalidade e un outro, feito coa unanimidade dos grupos municipais e dos axentes que democraticamente participaron no seu deseño, que foi enviado á Xunta e que esta rexeitou.

O BNG xa adiantou que nunca vai dar o seu apoio a un plan como o que pretende a Xunta porque sería un desastre para Pontevedra.

O PSOE e o PP teñen que explicar que van facer con estas esixencias. Polo de agora, non levamos sorpresa ningunha: comparten moito máis entre eles que con nós.

Que pretende a Xunta?

- ⇒ **Que o novo plan recolla a permanencia de ENCE en Lourizán**
- ⇒ **Que se recalifiquen os terreos para o hospital privado de Monte Carrasco**
- ⇒ **Que se recorten os actuais núcleos do rural e se impida o crecemento da cidade**
- ⇒ **Que se modifique o modelo urbano**
- ⇒ **Que non teña ningún dos terreos industriais propostos polo Concello.**

Bruxelas e Madrid rouban o aforro galego

Estes días o Concello de Pontevedra dirixiuse a NovaGalicia Banco para esixirlle a devolución íntegra dos aforros estafados ás persoas afectadas polas preferentes e as subordinadas. De tal xeito deuse cumprimento ao primeiro dos acordos recollidos na moción aprobada polo Pleno o pasado seis de maio.

Como resultas desta xestión, coa que o Concello segue a demostrar o seu apoio ás persoas estafadas sen fisuras nen duplas linguaxes, recibíuse unha carta asinada por Juan Díaz Arnau, director xeral da entidade bancaria, na que se comunica a imposibilidade de que Novagalicia Banco devolva os cartos por imposición dos acordos entre a Unión Europea e o goberno de Madrid.

Os acordos entre a UE e o goberno español prohiben a NovaGaliciaBanco devolver os cartos

Literalmente afirmábase que “se Novagalicia Banco non outorga liquidez e devolución para estes títulos é porque non o pode facer, e non porque non o queira facer” debido a que “o goberno de España [...] asinou

un acordo de condicións” entre as que figura que os titulares de preferentes e subordinadas teñen que “compartir as cargas cos accionistas e cos acreedores”. Dito en galego común: o goberno de Madrid acordou quedar cos cartos dos galegos para pagar o “rescate” da Unión Europea.

A respecto da valoración diso que chaman “cargas” e que non é outra cousa senón espolio do



aforro galego, o director xeral reconece que vai ser o FROB quen as fixe: “é, polo tanto, unha decisión allea ao banco, que non ten as competencias necesarias para tomar a medida de devolver os cartos investidos [...] O mesmo sucederá coa liquidez das novas accións, que será establecido polo Fondo de Garantía de Depósitos”, isto é, outra vez o goberno de España é quen ten que fixar a canto ascende o roubo aos galegos e galegas.

Díaz Arnau completa a súa misiva facendo referencia aos esforzos da entidade que dirixe para devolver o 100% dos cartos investidos a 17.000 clientes e máis para construír o banco galego que, afirma, precisa o país.

O Goberno municipal demostra o seu apoio ás persoas estafadas sen fisuras nen duplas linguaxes

Pola súa banda, os compañeiros e compañeiras que forman o equipo de goberno do Concello de Pontevedra, co Alcalde Lores á cabeza, teñen manifestado que van seguir a traballar non só para que se devolva todo o roubado, senón tamén para que Galiza conte coas ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento, por moito que Madrid, Bruxelas e quen for se empeñen no contrario.

Un Concello economicamente saneado

O Concello de Pontevedra volve sacar músculo económico e aumenta os seus investimentos con outros catro millóns de euros para chegar practicamente aos 74.000.000 € de orzamento neste ano 2013.

O noso compañeiro Raimundo González, concelleiro de Facenda en Pontevedra, presentou este xoves a modificación de crédito que se vai levar ao vindeiro pleno e coa que se van incorporar estes fondos para desenvolver unhas medidas de marcado carácter anticíclico, isto é, co obxectivo explícito de dinamizar

4 millóns de euros para novos investimentos

a economía e desenvolver políticas solidarias incrementando o gasto social.

Neste sentido, Raimundo González sinalou que Pontevedra aínda ten uns remanentes de catro millóns de euros porque durante todos estes anos mantivéronse as arcas municipais saneadas



en previsión de viren tempos malos como estes. “Se agora non investimos estes fondos é porque superariamos o teito de gasto, é dicir, porque o goberno de España e as normas que impón a Unión Europea prohíbeno”, indicou e criticou expresamente que nen Madrid nen Europa permitan investir aos concellos que poden facelo “agora que é imprescindible intervir na economía en beneficio das persoas que máis o necesitan” e non só para privilexiar aos bancos e ao grande capital.

Os investimentos por capítulos

Desentrañando a modificación de crédito, o primeiro que hai que destacar é que un 90% vai destinarse a investimentos.

Entre eles, o noso compañeiro destacou que máis de 2.000.000 € van directamente para obras. 1.100.000 € van ser para mellorar a accesibilidade no rural e 1.000.000 € para obras urbanas, nomeadamente para rehabilitación integral de rúas.

Outros 35.000 euros van destinarse a aumentar a contía dos convenios que o Concello mantén con Cáritas, o comedor de San Francisco, Calor e Café, Rexurdir e Amencer.

Por fin, 250.000 van ser destinados á promoción da cidade, principalmente a través da realización de actividades deportivas que tamén manteñen a actividade da hostalaría e do comercio locais.

As Festas do Verán

Galegas, Populares, Dinamizadoras

Máis un ano chega a programación das Festas do Verán e máis un ano chegan cunha programación absolutamente gratuíta para todos os públicos que vai contribuir a dinamizar economicamente Pontevedra.

Unhas festas para todas e todos

O primeiro que cómpre destacar é o carácter gratuíta de todas as actividades sen excepción: as Festas de Verán, desde que o BNG dirixe o goberno do Concello, pretenden que todos e todas poidamos gozar delas independentemente do capacidade económica de cada quen.

Agora que tanta xente está a pasalo moi mal por culpa das políticas impostas por Bruxelas e Madrid, no Concello apostamos por facer que non haxa ningunha actividade de pagamento e que todas e todas poidan gozar por igual das actividades festivas..

Deste xeito, ademais, garántese que os pontevedreses e pontevedresas e as persoas que nos visiten van contribuír á dinamización da hostalaría e do comercio local, o cal é un obxectivo prioritario do BNG.

Unhas festas en clave de País

Por outra banda non temos que esquecer que as Festas de Pontevedra van ter unha marcada identidade nacional: dos 140 espectáculos que encheran as prazas da cidade, por riba de 120 son espectáculos ideados, deseñados, interpretados e producidos por galegas e galegos e que, ademais, son da máis alta calidade que se pode gozar hoxe en día en calquer palco do mundo.

Apostamos pola creación nacional porque cremos no país e porque é imprescindible que sexamos nós os primeiros en crer na posibilidades de todos os nosos sectores produtivos.

Neste sentido, pódese destacar que por primeira vez os músicos galegos van estar no Festival de Blues e Jazz no mesmo palco que os de fóra, que hai un espectáculo dos Bolechas para a Festa dos

Nenos deseñado especialmente para Pontevedra ou que os músicos locais van xogar un papel máis que destacado.

Dous meses de festa rachada

Salientemos tamén que de San Bieito á Feira Franca imos poder gozar dun programa moi variado que inclúe citas para todos os públicos e todos os gustos: dous meses de bandas de música; o Memorial Ricardo Portela e o Festival Internacional de Jazz e Blues; o Cinema na Lúa; os 15 Bolos e as Festas da Peregrina; os concertos da Praza do Concello e a Batalla de Flores; Brinca na Praza e o teatro para as crianzas; a Festa do Demo e os cantos de taberna van encher as rúas e prazas da cidade todo o verán.

Toca pois **gozar dun verán alegre, solidario, galego e comprometido.**

A Xunta do PP quere as festas de pago

O Concello de Pontevedra non se acollerá ás subvencións que, a través do AGADIR, dá a Xunta para actividades festivas, xa que obriga a que as actuacións sexan de pago, e, polo tanto, que só poidan gozar delas aquelas persoas cuxo poder adquisitivo llelo permita, ao tempo que atenta contra a industria cultural do país.

Esta política clasista e discriminatoria contrasta coa firme decisión do Concello de Pontevedra para quen as festas constitúen un espazo de divertimento e socialización ao que todas as persoas teñen dereito con independencia do seu nivel económico.

Entre unhas festas para uns poucos e unhas festas para todos, o BNG teno claro. O PP tamén.

Roteiros temáticos para descubrir o patrimonio urbano

Cinco roteiros temáticos permiten coñecer os pequenos recantos, os xardíns, os conventos, as arquitecturas contemporáneas e os espazos da heterodoxia de Pontevedra. Trátase de descubrir a outra cidade, a quen nos vemos habitualmente debido ás presas e ás urxencias cotiás, a que se agocha nos grandes edificios ou nos pequenos detalles. Unha Pontevedra de contrastes, na que convive o silencio dos espazos sagrados e o bulicio dos parques, prazas e xardíns; a presenza contundente do relixioso e a faciana oculta do profano e do proscrito; a magnificencia das grandes arquitecturas e o engado das pequenas formas escultóricas.

Debido ao elevado número de solicitudes que non se puideron atender, a concellaría de patrimonio histórico do Concello de Pontevedra organiza unha nova edición dos roteiros temáticos urbanos, unha iniciativa que ten como obxectivo dar a coñecer historias, personaxes, espazos e edificios da cidade, máis alá da visión turística habitual. Na primeira edición participaron unhas 300 persoas, superándose o número máximo de prazas que inicialmente era de 50 persoas por roteiro.

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse a partir do mércores 5 de xuño na páxina web do concello www.pontevedra.eu (sección actividades patrimonio) cubrindo o correspondente formulario de inscrición.



Roteiro da heterodoxia

PROGRAMA

Venres 14 xuño:

Roteiro da heterodoxia (masonaría)

Saída ás 20 horas do Arquivo Histórico (Paseo de Colón)

Guiado por **Olga Conde**

Sábado 15 xuño:

Roteiro dos conventos e igrexas medievais

Saída ás 11 horas de San Francisco

Guiado por **Carmela Sánchez Arines**

Domingo 16 de xuño:

Roteiro da arquitectura contemporánea

Saída as 11 h do ambulatorio Virxe Peregrina

Guiado por **Marta Guirado e Diego Germade**

Sábado 22 de xuño:

Roteiro dos recantos con encanto

Saída as 11 horas da praza da Leña

Guiado por **Ramón Rozas**

Domingo 23 de xuño:

Roteiro dos xardíns históricos e hortas urbanas.

Saída ás 11 horas da antiga delegación de Sanidade (Avda de Vigo)

Guiado por **Jaime Blanco Dios**

Posta a punto do parque do Gafos

A Concellaría de Parques e Xardíns impulsa estes días as reparacións necesarias no Parque dos Gafos para mellorar todas as deficiencias producidas pola dureza do inverno.

O obxectivo xeral desta actuación é atender ao parque agora e mellorar así a súa vida útil e deixalo preparado para o seu gozo por todos e todas durante o vindeiro ano.

Durante mes e medio faranse diversas actuacións. Na baixada ao río dende a estación de autobuses, está previsto a instalación dun sistema de canaletas con rexas que permitirán a recollida das augas pluviais que afectan considerablemente a esta parte da senda. O desnivel da senda e a forza das augas pluviais nesta zona fan que se creen fochas que dificultan o paseo. Esta intervención tratará de evitar esta situación.

Tamén se actuará en todas as pasarelas do parque. Eliminaranse algúns desperfectos da ponte que conecta a senda coa traseira da avenida da Estación, e actuarase en toda a pasarela baixo a ponte da avenida de Vigo e nas escaleiras que baixan dende a praza de Ponte Bolera. Eliminarase o verdello creado pola acción da auga e a humidade deste inverno tan chuvioso, e acondicionarase para que recupere as condicións óptimas de seguridade.

Traballarase en toda a contorna da canal do río reforzando as actuacións que se realizaron hai dous anos. Continuarase coa instalación dunha malla vexetal orgánica para conter a terra na ribeira do río. Nestas zonas farase unha plantación propia da ribeira do Gafos con exemplares arbustivos de pequeno tamaño.

Farase unha revisión de todo o mobiliario urbano do parque coa retirada daqueles elementos que estean en mal estado, a restauración dos que aínda sexan aproveitábeis e a colocación de novo mobiliario cando sexa preciso. Bancos e papeleiras están especialmente danados polas enchentes.



O Banco de Libros, unha iniciativa para reutilizar os libros escolares

A Concellaría de Benestar Social botou a andar novamente o Banco de Libros co obxectivo de reutilizar os libros escolares e colaborar coa economía das familias de Pontevedra, nomeadamente coa de aquelas que o están a pasar peor.

Esta actividade conta xa de entrada coa colaboración de numerosos centros educativos públicos (CEIP A Carballeira, CEIP Barcelos, CEIP Cabanas, CEIP Campolongo, CEIP San Martiño, CEIP Marcón, CEIP Marcos da Portela, CEIP Santo André de Xeve, CEIP San Benito de Lérez, CEP Xunqueira II, CEIP Xunqueira I, CEIP Ponte Sampaio, CEIP Álvarez Limeses, IES Xunqueira II, IES Sánchez Cantón, IES Valle Inclán, IES Frei Martín Sarmiento, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Froebel (a través da Anpa), CEIP Príncipe Felipe, CEIP Vilaverde-Mourente, IES Gonzalo Torrente Ballester e IES Luís Seoane) que coincidiron en sinalar a oportunidade da iniciativa.

A partir de agora ponse en marcha toda a maquinaria municipal para coordinar ás ANPA's que previamente realizaban accións similares, distribuír a información na comunidade educativa, recoller os libros que deben ser entregados nos colexios e atender ás solicitudes das familias antes do comezo do curso 2013-2014.

Este verán recollerase toda a toponimia de Pontevedra

A Concellaría de Normalización Lingüística está a presentar a segunda fase de *Chamámonos Así*, o proxecto de recollida de toponimia do concello de Pontevedra.

Neste momento a concellaría e máis os técnicos e técnicas que van facer o traballo de campo están a presentar o proxecto aos consellos parroquiais das sete parroquias envoltas nesta nova xeira (Campañó, Lérez, Alba, Cerponzóns, Bora, Ponte Sampaio e A Canicouva) co gallo de recabar a súa colaboración na procura de informantes ben coñecedores do terreo.

Preténdese aproveitar o verán para facer todo o traballo de campo aproveitando o bo tempo e deixar xa rematada a recollida sobre o terreo de todas as parroquias. A seguir completárase o proxecto co tratamento informático dos datos recabados e a súa posta a disposición para todos e todas.

Pontevedrán: actividades xuvenís para todos os gustos



A Concellaría de Xuventude presentou estes días o programa de Pontevedrán, as actividades para nenos e mozas do verán pontevedrés.

A principal novidade deste ano é que, debido ás dificultades económicas que estamos a padecer, o Concello decidiu que a practica totalidade das actividades (agás unha) fosen de balde co obxectivo de que sexan accesibles para todos e todas, independentemente da situación económica de cada familia.

Pontevedrán inclúe cursos, obradoiros, saídas e campamentos nunha oferta variada para toda a mocidade de Pontevedra.



Inaugurado o Centro Leste, un novo espazo para as actividades sociais

Os veciños e veciñas de Pontevedra contamos desde o pasado 31 de maio cun novo centro cívico ubicado na Praza da Zanfona que vai mellorar a calidade da vida dos habitantes desta zona da cidade e de todos aqueles que queiran utilizalo.

Trátase dunha instalación de 430 m² que conta con recepción, almacén, servizos, salas multiusos, despachos, etc. e que supuxo un investimento de case 400.000 euros.

A inauguración deste centro cívico foi un verdadeiro suceso polo altísimo grao de implicación da veciñanza do barrio.

Posta en marcha do servizo de mediación da policía local

A concelleira de Protección Cidadá, Carme da Silva, presentou xunto co Intendente Principal da Policía, Daniel Macenlle, un novo equipo policial que será adicado a mediación en conflitos particulares, conformado por sete policíaas con especiais características conciliadoras que, ademais, recibiron formación específica na resolución de conflitos mediante o diálogo e realizan o seu traballo través dunha evidente obxectividade e respecto pola privacidade.

Este servizo persegue velar polo benestar cidadá resolvendo conflitos xurdidos da convivencia e que non implican delito algún: malentendidos entre veciños, malestar polo alto volume da música nunha vivenda, enemistades entre familias...

O servizo, voluntario e alleo a todo proceso xudicial, debe ser solicitado por unha das partes afectadas mediante un impreso nas instalacións da Policía Local pontevedresa. Tras unha análise do caso, os axentes dialogan coa outra parte implicada tentando que participe no proceso conciliador. De aceptar, a Policía Local e os que adoecen dun problema de convivencia buscarían solucións alternativas, alonxadas da indesexada violencia ou de longos e custosos procesos xudiciais.

Tal e como afirma o concelleira Carme da Silva, o papel do axente é de mediador imparcial, polo que nas resolucións acadadas “non hai gañadores nin perdedores”. Así mesmo, as partes obxecto da mediación, posúen liberdade para rexeitar a axuda en calquera momento do proceso.

Os orzamentos que loitan contra a crise

O pasado mes de marzo aprobouse a liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2012. Nesta liquidación dase conta do estado de execución do Orzamento para o ano 2012, do resultado orzamentario, do remanente de tesouraría e da carga financeira do Concello.

Nun contexto de profunda crise económica que dura xa máis de 4 anos e que supuxo unha redución de ingresos do 20% do orzamento, todas estas ratios dan unha idea mostran uns resultados que superan as previsións máis optimistas.

A liquidación do Orzamento para 2012 acada os 10.374.048 euros cunha desviación sobre as previsións iniciais do 4,41%.

A pesar da crise o Concello rematou o 2012 con máis de un millón de euros de superavit

O remanente de tesouraría, é dicir as diferencia entre a suma dos fondos líquidos en bancos e caixa e os ingresos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pago, acadou 1.078.282 euros. É dicir, que despois de cobrar todos o ingresos e pagar todos os gastos quedan libres máis dun millón de euros. Sen dúbida é un bo resultado para os tempos que corren e que nada ten que ver coa anunciada quebra das finanzas municipais que o PP fai periodicamente.

Este bo resultado non é unha novidade en Poio. Até o ano 2008, xeráronse máis de 5 millón de euros de remanente que serviron para aplacar os primeiros anos de crise económica, permitindo non incrementar impostos e taxas durante dous anos.

En condicións normais, este remanente poderíanse incorporar ao exercicio 2013 para financiar gastos e investimentos en Poio.

O PP pretende dismantelar o estado do benestar

Sen embargo, as políticas económicas levadas a cabo polo goberno español, antes do PSOE e agora do PP, recentralizadoras e encamiñadas a incrementar a presión sobre as clases traballadoras, impiden que se lle poida dar este destino ao millón de euros que temos de remanente.

Pola contra, obríganos a amortizar débeda bancaria, o que significa noutras palabras que os aforros do Concello de Poio, froito da súa boa xestión, servan para darlle liquidez a banca en vez de para atender as necesidades dos nosos veciños e veciñas.

Este tipo de políticas non son novidade para o PP. As redución de salarios impostas aos funcionarios nos últimos anos que supoñen uns 120.000 euros por ano en Poio, non xeran ningún aforro ao Concello, posto que estas reducións deben destinarse a pagar débeda bancaria; para que se entenda, sácanlle salarios aos funcionarios para darllos aos bancos.

Polo que respecta á débeda bancaria rebaiouse nos dous últimos anos en 1.5 millóns de euros situándose no 77% dos ingresos correntes, cando a Lei de Facendas Locais permite o 110%. O seu importe total é de 8 millóns de euros.

As políticas do PP favorecen á banca, rouban ao pobo e teñen entre os seus obxectivos a eliminación dos servizos públicos que presta o Concello

**NON É UNHA CRISE,
É UN ROUBO.**

SOMOS MULTITUDE

REBÉLATE!



ACTOS POLÍTICOS

**Transformemos
este sistema cruel e corrupto**

Marcón. Xoves 6 de xuño ás 20:30 h.
na Casa Parroquial coa participación de *Demetrio Gómez,*
Alberto Oubiña e Miguel Anxo Fernández Lores

Mourente. Xoves 13 de xuño ás 20:30 h.
no colexio de Cons, coa participación de *Miguel Filgueira,*
Demetrio Gómez e Miguel Anxo Fernández Lores

Lérez. Mércores 19 de xuño ás 20:30 h.
na Casa da Cultura, coa participación de *Pilar Comesaña,*
Luís Bará e Miguel Anxo Fernández Lores

Soutomaior. Xoves 20 de xuño ás 21:00 h.
na Casa da Cultura "Fernando Pereira" de Arcade
coa participación de *Fernando Herrero e Miguel Anxo*
Fernández Lores

Charla-coloquio:
**Repercusión da nova
Lei de Costas nos núcleos
do litoral**

Venres 7 de xuño ás 19:30 h.
no local comarcal do BNG
coa participación de *César*
Mosqueira e Xosé Manuel Tato

**Acto da PLATAFORMA
GALEGA EN DEFENSA DO
ENSINO PÚBLICO contra a
LOMCE**

Xoves 13 de xuño ás 19:00 h.
na Praza da Peregrina



Soberanía para Galiza